

6373 *CORRECCIÓN de erros da Lei 49/1998, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1999.* («BOE» 65, do 17-3-1999.)

Advertidos erros no texto da Lei 49/1998, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1999, publicado no «Boletín Oficial del Estado» suplemento número 2 en lingua galega, do 28 de xaneiro de 1999, cómpre efectua-las oportunas rectificacións:

Na páxina 136, segunda columna, artigo 30, número dous.2, no cadro de retribucións do tenente fiscal do Tribunal Supremo, complemento de destino, onde di: «2.585.396», debe dicir: «12.585.396».

Na páxina 144, artigo 45, número catro, no cadro de contías mínimas, pensións de viuvez, onde di: «Titular con idade entre sesenta e sesenta e cinco anos», debe dicir: «Titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos».

Na páxina 146, segunda columna, artigo 58, número un, segunda liña, onde di: «... artigo 33 da Lei do imposto...», debe dicir: «... artigo 33 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto...».

Na páxina 148, segunda columna, artigo 65.2, na cabeceira da segunda columna do cadro, onde di: «Cota liquidable-Pesetas», debe dicir: «Cota íntegra-Pesetas».

Na páxina 149, primeira columna, artigo 66.2, segundo parágrafo, cuarta liña, onde di: «... o coeficiente multiplicador inmediato inferior sexa maior...», debe dicir: «... o coeficiente multiplicador inmediato inferior, sexa maior...».

Na páxina 150, segunda columna, artigo 68, número dous, cadro de coeficientes correctores, primeira columna, onde di: «De 207.000 a 517.500», debe dicir: «De 207.001 a 517.500».

Na páxina 151, segunda columna, artigo 71, número tres (artigo terceiro, cuarto, dous, primeira liña), onde di: «Dous. Cotas fixas: nos casos de explotación...», debe dicir: «Dous. Cotas fixas.», e como punto e á parte, «Nos casos de explotación...».

Na páxina 155, primeira columna, artigo 75, número dous, liña segunda: onde di: «... para o exercicio 1998...», debe dicir: «... para o exercicio de 1999».

Na páxina 159, primeira columna, artigo 84, letra a), liña oitava, onde di: «Aragón... 5», debe dicir: «Aragón... 15».

Na páxina 168, primeira columna, disposición adicional décimo oitava, número dous, liña cuarta, onde di: «... privada de actividades...», debe dicir: «... privada en actividades...».

Na páxina 172, anexo I, o importe do programa «Museos», tanto respecto ós capítulos I a VIII, como ó total, debe entenderse cifrado en 16.431.631.

Na páxina 173, anexo I, o importe do programa «Distribución e Servicios Centrais de Comercio e Turismo e da Pequena e Mediana Empresa», tanto respecto ós capítulos I a VIII, como ó total, debe entenderse cifrado en 992.335. E a nota ó pé do anexo I debe entenderse non publicada.

Na páxina 178, segunda columna, anexo V, debe engadirse ó final do anexo o seguinte cadro:

Universidade	Persoal docente	Persoal non docente
	Funcionario e contratado	Funcionario
Universidade Nacional de Educación a Distancia	4.918.010	1.709.489

